

# Curso POO PHP Operadores

## Operadores

Os operadores que podes usar en PHP son similares aos de moitas outras linguaxes como Java. Entre eles temos operadores para:

- Realizar **operacións aritméticas**: negación, suma, resta, multiplicación, división e módulo. Entre estes inclúense operadores de pre e post incremento e diminución, ++ e --. Estes operadores incrementan ou decrementan o valor do operando ao que se aplican. Se se utilizan xunto a unha expresión de asignación, modifican o operando antes ou despois da asignación en función da súa posición (antes ou despois) con respecto ao operando.
- Realizar **asignacións**. Ademais do operador =, existen operadores cos que realizar operacións e asignacións nun único paso (+=, -=...).
- **Comparar operandos**. Ademais dos que nos podemos encontrar noutras linguaxes (>, >=...), en PHP temos dous operadores para comprobar igualdade (==, ===) e tres para comprobar diferenza (< >, != e !==). Os operadores < > e != son equivalentes. Comparan os valores dos operandos. O operador === devolve verdadeiro (true) só se os operandos son do mesmo tipo e ademais teñen o mesmo valor. O operador !== devolve verdadeiro (true) se os valores dos operandos son distintos ou ben se estes non son do mesmo tipo.
- Realizar **operacións booleanas**. Tratan aos operandos como variables booleanas (true ou false). Existen operadores para realizar un Y lóxico (operadores and e &&), O lóxico (operadores or e ||), No lóxico (operador !) e O lóxico exclusivo (operador xor).

Os operadores and, &&, or e || funcionan en modo "cortocircuito". Isto quere dicir que non evalúan o segundo operando se non é preciso. Por exemplo, son habituais as sentenzas co seguinte formato:

```
$archivo = fopen($nome_archivo, 'r') or exit;
```

Isto é, se non se abre o arquivo o primeiro operando do **or** é falso e polo tanto terá que avaliar o segundo operando executando o exit que finaliza a execución do script.

- Realizar **operacións cos bits** que forman un enteiro: invertelos, desprazalos, etc.

Outros operadores especiais da linguaxe PHP son:

- **Operador punto (.)**. Emprégase para xuntar dúas cadeas.

```
echo "Hola "."mundo";
```

- **Operador de supresión de erros (@)**. Emprégase para eliminar as mensaxes de erro que poden xerar algunhas sentenzas.

```
@include "funcions.php";
```

- **Operador de execución (`)**. PHP executa no shell a sentenza que figura entre as comiñas invertidas e as substitúe co resultado obtido. É semellante a empregar a función `shell_exec`.

```
echo "`ls -l`";
```

- **Operador de tipo (instanceof)**. Emprégase para averiguar se un obxecto é unha instancia de certa clase.

```
if ($a instanceof MiClase) { ... }
```

--V́ctor Lourido 14:42 25 jun 2013 (CEST)